

Convocatoria

Premios Fundación SGAE de Investigación 2016

en economía da cultura, socioloxía da cultura, políticas culturais, comunicación e cultura, xestión cultural e dereito da cultura
BASES DA CONVOCATORIA

I. Cláusulas comúns

1.- Participantes

Poderán concorrer todas as persoas físicas ou xurídicas que o desexen, calquera que sexa o seu país de orixe e residencia, sempre e cando estean vinculadas a algún centro de investigación público ou privado relacionado coas actividades establecidas no Obxecto da convocatoria.

2.- Obxecto da investigación

As investigacións deberán referirse ao mercado cultural actual das artes escénicas, musicais, audiovisuais ou multimedia no ámbito español ou iberoamericano. Valoraranse positivamente as análises comparativas con outros países, así como o estudo dos intercambios en materia cultural entre España e os Estados latinoamericanos e a exportación de servizos e produtos culturais a terceiros países.

As investigacións deben enmarcarse nalgunhas das seguintes disciplinas que se indican:

- Socioloxía da cultura
- Economía da cultura
- Política cultural
- Comunicación e cultura
- Xestión cultural
- Dereito da cultura

3.- Documentación requirida

- Datos de contacto dos solicitantes: nomes e apelidos, enderezo postal, teléfono e correo electrónico.
- DNI ou documento análogo dos solicitantes.
- Currículo dos solicitantes.
- Envío en formato PDF do texto da investigación, no caso de que o solicitante concurse ao Premio de Investigación, ao Premio á Tese de Doutoramento ou ao

Premio ao Traballo de Investigación, ou do proxecto da tese en caso de que opte á Axuda á Realización de Teses de Doutoramento.

- Declaración xurada da autoría e declaración de que os dereitos sobre a investigación ou proxecto que presenta, no caso de optar á Axuda á Realización de Teses de Doutoramento, non están comprometidos e polo tanto ostenta o 100% da titularidade sobre eles.

Xunto a estes requirimentos comúns para todas as modalidades desta convocatoria, debe anexarse tamén a documentación específica correspondente á modalidade na que se concurse.

II. Premio á mellor tese de doutoramento

1.- Características das obras para seren presentadas no concurso

- Optarán a este Premio aquelas teses de doutoramento xa aprobadas que teñan un obxecto coincidente co especificado no punto I.2 destas bases.
- Só se admitirán no concurso as teses de doutoramento aprobadas despois do 1 de xaneiro de 2015. Non poderán participar aquelas teses de doutoramento que entraran no concurso nas anteriores convocatorias.
- A tese de doutoramento non debe estar publicada, polo menos nun 75% do seu contido e na súa totalidade no referente ás conclusións.
- orixinal deberá presentar unhas características similares ás seguintes: unha extensión mínima de 200 páxinas DIN-A4, escritas a dobre espazo, por unha cara, utilizando fonte arial e corpo 11, con marxes iniciais de 3 cm e finais de 4 cm, e con marxes laterais de 3 cm a ambos os lados.
- A tese de doutoramento debe vir acompañada da acta do tribunal ou, no seu defecto, unha carta na que conste a data da súa presentación ao tribunal e a cualificación adquirida asinada polo director da tese.

2.- Premio

Outorgarase un premio consistente en:

- 6.000 €

- A publicación opcional da obra ou un extracto dela –sempre de acordo co autor- por parte da Fundación SGAE.

III. Premio ao mellor traballo de investigación

1.- Características das obras para seren presentadas no concurso

- Optarán a este Premio aquelas investigacións xa rematadas que teñan un obxecto coincidente co especificado no punto I.2 destas Bases e constitúan un traballo de investigación (tesina) de licenciatura, mestrado ou outros estudos de posgrao, incluídos os realizados ao rematar os cursos de doutoramento.
- Só se admitirán no concurso traballos de investigación aprobados despois do 1 de xaneiro de 2015. Non poderán participar aqueles traballos de investigación que entraran a concurso en anteriores convocatorias.
- A investigación debe estar inédita, polo menos un 75% do seu contido e na súa totalidade no que se refire ás conclusións.
- orixinal deberá presentar unhas características similares ás seguintes: unha extensión mínima de 60 páxinas DIN-A4, escritas a dobre espazo, por unha cara, utilizando fonte arial e corpo 11, con marxes iniciais de 3 cm e finais de 4 cm, e con marxes laterais de 3 cm a ambos os lados.
- traballo de investigación debe vir acompañado da acta do tribunal ou, no seu defecto, dunha carta na que conste a data da súa presentación ao tribunal e a cualificación obtida asinada polo director do proxecto.

2.- Premio

Outorgarase un premio consistente en:

- 3.000 €

- A publicación opcional da obra ou un extracto dela –sempre de acordo co autor- por parte da Fundación SGAE.

IV. Axudas á realización de teses de doutoramento

1.- Características dos proxectos para seren presentados no concurso

Optarán a estas axudas aqueles proxectos de tese de doutoramento que teñan un obxecto coincidente co especificado no punto I.2.

O proxecto de tese de doutoramento terá a seguinte estrutura:

- Xustificación e antecedentes
- Obxectivos
- Metodoloxía
- Bibliografía básica de referencia

- Cronograma

E virá acompañada dunha carta asinada polo director da tese que avale a capacidade investigadora da persoa aspirante.

2.- Axudas

Outorgaranse axudas a dous proxectos de tese de doutoramento, consistentes en 6.000 €, que se farán efectivas da seguinte maneira:

- un 25% no momento de aceptar a axuda;

- un 75% no momento da aprobación da tese por parte do tribunal. Para a recepción deste importe, a tese debe estar finalizada antes de trinta meses respecto á data da aceptación da Axuda. Este prazo podería ampliarse no caso de que o director da tese o considere oportuno, solicitándoo previamente por escrito á Organización.

- A publicación opcional da obra ou un extracto desta –sempre de acordo co autor- por parte da Fundación SGAE.

V.- Xurado

O Xurado que outorgará os distintos premios e axudas estará integrado polas persoas que para tal efecto designen a SGAE e a Fundación SGAE.

VI.- Datás de recepción

A convocatoria estará en vigor ata o 21 de novembro de 2016 (inclusive), e aceptaranse os orixinais e os proxectos que se reciban ata esa data.

VII.- Resultado dos premios e concesión das axudas

O resultado notificarase por escrito a todos os participantes desta convocatoria.

VIII.- Devolución dos orixinais

A Fundación SGAE unicamente devolverá aqueles orixinais que sexan solicitados polos seus autores no prazo dos trinta días seguintes á notificación da selección.

IX.- Condicións editoriais

Os concursantes cuxas obras foran seleccionadas ceden á Fundación SGAE, en exclusiva, os dereitos de publicación e distribución delas, durante o prazo de seis meses a contar desde que a obra fora seleccionada ou ben desde que a obra está finalizada, no seu caso. Con posterioridade aos seis meses remata a exclusiva da

Fundación SGAE e a obra poderá ser publicada, ademais de pola Fundación SGAE, por calquera outra persoa ou entidade.

A contía do premio en metálico recibirase en concepto de adianto polos dereitos de autor que xorden pola distribución da obra pola Fundación SGAE, e comprenderá tamén o pagamento polos traballos que o autor necesite realizar na adaptación do texto para a súa publicación.

A cesión dos dereitos editoriais sobre a obra regularase no correspondente contrato que as partes subscriban, segundo a norma vixente en materia de propiedade intelectual, axustado aos estándares habituais do mercado e que se atopan a disposición dos interesados.

X.- Normas xerais

1.- Aceptación das Bases

Só o feito de participar nesta convocatoria supón, por parte dos concursantes, a aceptación destas Bases e a renuncia a calquera reclamación legal. Calquera dúbida sobre a interpretación das Bases poderá ser consultada ao Comité Organizador, que lle comunicará a súa conclusión por escrito aos solicitantes.

2.- Reclamacións

Non se aceptarán reclamacións contra a resolución dos premios e a concesión á realización de teses de doutoramento.

3.- Protección de datos de carácter persoal

Os datos, que se faciliten voluntariamente, incorporaranse a un ficheiro responsabilidade da Fundación SGAE, e aplicarase a Lei de protección de datos de carácter persoal e a normativa vixente concordante.

4.- O concursante exime a Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada de calquera transgresión da lexislación vixente na que puidera incorrer respecto da realización e o desenvolvemento da obra seleccionada.

5.- A lexislación aplicable a este documento é a española e as partes sométense expresamente á xurisdición dos Tribunais de Madrid capital, polo que renuncian ao foro que puidera corresponderlles.

Más información:

**Fundación SGAE
Dpto. de Estudios
C/ Bárbara de Braganza, 7
28004 Madrid
Tel.: 91 503 6800
Fax: 91 503 6819
informacion@fundacionsgae.org**